

**CONTRATACIÓN**  
MLA/MLA  
Refº: Acta xestión cumio drogas O.E.doc  
Asunto:

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ORGANIZACIÓN DO CUMIO DE ALCALDES, ALCALDESAS E CIDADES SOBRE DROGAS. EUROPA, AMÉRICA LATINA E O CARIBE.**

Sendo as 13:00 horas do día 18 de marzo de 2010, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Carmen Basadre Vázquez, Concelleira Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Deportes, dona Alicia Peña Murias, polo Grupo municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asiste don Jaime Fraga Gayoso, en representación de DIURBAGAL GALICIA S.L

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a dar lectura ó informe técnico que fora solicitado pola mesa de contratación, en relación cos criterios non avaliábles automaticamente, e emitido pola responsable do servizo municipal de prevención de drogas, dona Lidia Plata, no que se pon de manifesto a valoración obtida en cada un dos apartados polas empresas admitidas a licitación:

NOVA 21 S.L: 34 puntos.

DIURBAGAL GALICIA S.L: 11 puntos.

A continuación procédese á apertura dos sobres C (proposición económica e criterios avaliábles automaticamente), co seguinte resultado:

NOVA 21 S.L propón como prezo do contrato a cantidade de 199.520 euros, IVE incluído así como unha serie de melloras relativas ó número de profesionais a maiores dos mínimos e ó número de bandeirolas e posters a maiores dos previstos.

**CONTRATACIÓN**

MLA/MLA

Ref<sup>a</sup>: Acta xestión cumio drogas O.E.doc

Asunto:

DIURBAGAL GALICIA S.L propón como prezo do contrato a cantidade de 200.000 euros, IVE incluído así como unha serie de melloras relativas ó número de profesionais a maiores dos mínimos e ó número de bandeirolas e posters a maiores dos previstos.

A continuación realízase por parte da mesa de contratación o cálculo de puntuación dos criterios non avaliados economicamente co seguinte resultado:

NOVA 21 S.L: 55,83 puntos.

DIURBAGAL GALICIA S.L: 9,38 puntos.

A puntuación final obtida polas dúas mercantís é a seguinte:

NOVA 21 S.L: 89,83 puntos.

DIURBAGAL GALICIA S.L: 20,38 puntos.

Á vista do resultado, os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á mercantil NOVA 21 S.L, nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:20 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz